



**PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN, ORDENACIÓN, INFRAESTRUTURAS E  
DOTACIÓNS DE VEIGUE**

**ANEXO II ESTUDO DA PAISAXE**

XUÑO 2023

Reacción

Mercedes Máquez Roel. *Arquitecta paisaxista*

Colaboradores

Pablo García Pérez. *Xeógrafo*

Xurxo M. Rodríguez Baña. T.S. en desenvolvemento de proxectos de urbanismo e operacións topográficas



## DOC.01- MEMORIA

### ÍNDICE

1. INFORMACIÓN PREVIA.....	3
1.1 ANTECEDENTES.....	3
1.2 OBXECTO.....	3
1.3 DELIMITACIÓN DO ÁMBITO.....	4
1.3.1 Situación.....	4
1.3.2 Descrición do ámbito.....	4
1.4 NORMATIVA DE APLICACIÓN E OUTRAS AFECCIÓNS.....	5
1.4.1 Directrices da Paisaxe de Galicia.....	5
1.4.2 Plan de Ordenación do Litoral.....	6
2. CARACTERIZACIÓN DA PAISAXE.....	7
2.1 DESCRIPCIÓN DO AMBITO DE ESTUDO.....	7
2.1.1 Descrición das unidades da Paisaxe presentes no ámbito.....	7
2.2 IDENTIFICACIÓN DOS ELEMENTOS DA PAISAXE.....	13
2.2.1 Elementos Estructurais.....	13
2.2.2 Elementos Texturais.....	15
2.2.3 Relacions.....	18
2.3 DINÁMICAS.....	22
2.4 IDENTIFICACION DOS ELEMENTOS DE SINGULAR VALOR PAISAXÍSTICO.....	24
2.4.1 Valores naturais e ecolóxicos.....	24
2.4.2 Valores culturais e patrimoniais.....	27
2.4.3 Valores de uso e produtivos.....	31
2.4.4 Valores estéticos e panorámicos.....	32
2.4.5 Lugares ou puntos de singular valor ou interés paisaxístico.....	33
2.5 ANÁLISE DE VISIBILIDADE.....	35
2.5.1 Calidade escénica.....	35
2.5.2 Condicións de percepción.....	35
2.6 IDENTIFICACIÓN DOS IMPACTOS PAISAXÍSTICOS.....	36
2.7 FRAXILIDADE.....	39
3. XUSTIFICACIÓN DE MEDIDAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA.....	39
3.1 MEDIDAS PARA A PROTECCIÓN DOS ÁMBITOS OU ELEMENTOS DE ESPECIAL VALOR OU SIGNIFICACIÓN PAISAXÍSTICA.....	41
3.2 CONGRUENCIA DA ORDENACIÓN CÓ TIPO DE PAISAXE AFECTADO.....	44
3.3 MITIGACIÓN E CORRECCIÓN DE IMPACTOS.....	44
3.4 XUSTIFICACIÓN DAS DIRECTRICES DA PAISAXE DE GALICIA.....	45
4. ANEXO CARTOGRAFICO	



## ANÁLISE E DIAGNÓSTICO

### 1. INFORMACIÓN PREVIA

#### 1.1 ANTECEDENTES

O presente documento forma parte do PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN, ORDENACIÓN, INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS DE VEIGUE (PEPOID) no municipio de Sada (A Coruña).

O Plan Especial, de iniciativa pública, é promovido polo Concello de Sada, en desenvolvemento do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Sada (PXOM), aprobado definitivamente por Orde do 11 de outubro de 2017 da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, (DOG de 29 de novembro de 2017, publicación da normativa e ordenanzas no BOP de 14 e 20 de decembro de 2017).

Redactase o presente Estudo da Paisaxe (EP) conforme aos criterios contidos no artigo 35 do Regulamento (D. 96/2020) da Lei 7/2008 de Protección da Paisaxe de Galicia.

#### 1.2 OBXECTO

O presente Estudo de Paisaxe redactase para completar a documentación do PEPOID de Veigue, analizando os elementos que teñen incidencia na paisaxe, e propoñendo as medidas preventivas e correctoras que garantan a protección dos valores paisaxísticos da contorna, e a integración daqueles elementos discordantes, có fin de acadar os obxectivos que delimita o PXOM para este Plan.

O PXOM enumera os seguintes obxectivos para este Plan Especial:

- 1- Tomar conciencia e dar resposta á problemática específica do ámbito de actuación en relación ás cualidades do medio natural costeiro, á falla de espazo público, á problemática dos accesos e aparcamento das praias de San Pedro e Cirro e á problemática do entramado dos asentamentos.
- 2- Abordar a ordenación pormenorizada das áreas de núcleo rural común e histórico incluídas no ámbito do Plan especial.
- 3- Ordenar o ámbito previsto polo PXOM de sistema xeral de espazo libre, SXEL-08-02 (Pb), en consonancia con outras actuacións dotacionais previstas polo Plan especial, entre elas, a previsión de aparcadoiros públicos para usuarios das praias.
- 4- Acadar unha proposta adecuada que minimize os efectos negativos do asentamento que o Plan de Ordenación do Litoral tipifica como "novas agrupacións" de vivendas, mediante as determinacións previstas no citado Plan para as áreas de recualificación identificadas nas unidades de paisaxe 03-02-122 (Praia de San Pedro) e 03-02-123 (Praia de Cirro).
- 5- Restaurar e protexer as praias de San Pedro e Cirro e o bordo costeiro de cantís.

Este documento constitúe o ESTUDIO DE PAISAXE (EP), ten carácter de documento completo, si

ben, formará parte da documentación do PEPOID.

### 1.3 DELIMITACIÓN DO ÁMBITO

#### 1.3.1 Situación

O ámbito, situado oa norte do concello de Sada descríbese dun xeito pomenorizado na Memoria do PEPOID, capítulo 2.1 *O ámbito do Plan Especial*.

O PXOM de Sada delimita para este Plan Especial un ámbito aproximado de 1.162.690 m<sup>2</sup>, a cartografía actualizada realizada para a elaboración do presente PEPOID reaxusta a superficie do ámbito a 1.162.700m<sup>2</sup>.



#### 1.3.2 Descrición do ámbito


O territorio incluído no PEPOID localízase ao carón do municipio veciño de Oleiros (núcleo de Lorbé). O seu límite ven definido pola costa ó norte, o límite municipal polo este, ata chegar á dorsal do monte da Besta; unha vez no cumio e por outra pequena dorsal, a división busca un porto entre os montes das Monxas, o de Lácere e o de Taibó. Os puntos máis altos desta última elevación e a dorsal que morre no mar na Punta Gavoteira definen o último contorno da parroquia. Abrangue os núcleos rurais da Valexa, San Pedro, Soutilo e Chan da Aldea, así como a porción de solo rústico lindante cos núcleos e o mar entre Punta de Cirro e a Praia de San Pedro.

Este ámbito forma parte do que as DOT denominan "**agregado urbano da Rexión Urbana**", para o cal suxíren un PTL que incida en cuestións como **mellora paisaxística** ou o impulso a determinadas centralidades.

O Plan de Ordenación do Litoral define para este ámbito 4 áreas, unha **área de protección**, que se concentra nos cantiles e na praia (Protección ambiental costeira e protección ambiental intermareal); unha **área de recualificación** na cal será preciso mellorar a



funcionalidade do asentamento, a súa estrutura básica infraestrutural, a súa relación cos elementos do medio natural e a paisaxe e, en particular, abordar a relación entre o núcleo e as actividades vinculadas ás praias de Cirro e San Pedro; unha importante área de **mellora ambiental e paisaxística** que ocupa a meirande parte do ámbito; e un **corredor ecolóxico**.



*Delimitación ámbitos de protección do POL*

#### **1.4 NORMATIVA DE APLICACIÓN E OUTRAS AFECCIÓNS**

- LEI 2/2016 DO SOLO DE GALICIA (Aprobada o 19 de febreiro de 2016)
- PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE SADA (Aprobado definitivamente o 11/10/ 2017)
- LEI 2/2013 DE PROTECCIÓN Y USO SOSTENIBLE DEL LITORAL Y DE MODIFICACIÓN DE LA LEY DE COSTAS
- LEI 7/2008 DE PROTECCIÓN DA PAISAXE DE GALICIA
- REGULAMENTO DA LEI 7/2008 (D. 96/2020)
- DIRECTRICES DE ORDENACION DO TERRITORIO (D. 19/2011)
- DIRECTRICES DA PAISAXE DE GALICIA (D. 238/2020)
- PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL (D. 20/2011)
- PLAN HIDROLÓXICO GALICIA COSTA 2015-2021

##### **1.4.1 Directrices da Paisaxe de Galicia**

As Directrices da Paisaxe de Galicia xorden a partir do Artigo 10º da Lei 7/2008 de Protección



da Paisaxe de Galicia có fin de precisar os **Obxectivos de Calidade Paisaxística** para cada unidade da paisaxe, así como as medidas, indicadores, normas e recomendacións necesarios para acadalos.

O presente documento xustifica no apartado correspondente a incorporación dos obxectivos de calidade paisaxística e as determinacións das Directrices da Paisaxe establecidas para as unidades de paisaxe definidas para este ámbito, segundo o Artigo 11.2.d da Lei 7/2008.

Son Obxectivos de Calidade Paisaxística xerais das Directrices da Paisaxe de Galicia:

- Unhas paisaxes protexidas, ordenadas e xestionadas co obxecto de respectar e manter o carácter dos diferentes tipos de paisaxe baixo principios de sustentabilidade e de procurar a mellora da calidade de vida da cidadanía.
- Unhas paisaxes heteroxéneas en que o mosaico paisaxístico sexa entendido como un valor en si mesmo, mantendo unha matriz paisaxística que outorgue variedade textural e perceptiva e evitando a banalización e o abandono
- Unhas paisaxes en que se manteña a interface que xeran as combinacións harmónicas, evitando a fragmentación e as grandes continuidades que homoxeneizan a paisaxe
- Unhas paisaxes vivas, accesibles e que poidan ser disfrutadas pola cidadanía. Creación dunha cultura da paisaxe mediante recursos didácticos e formativos
- Unhas paisaxes de valor natural e ecolóxico que preserven a súa calidade, biodiversidade e singularidade e nas cales sexa compatible a preservación deses valores co aproveitamento de recursos e o disfrute da cidadanía.

#### **1.4.2 Plan de Ordenación do Litoral**

Ante a ocupación elevada e indiscriminada deste ámbito litoral, que xenera unha perda da calidade da paisaxe e o deterioro do medio natural, O POL establece para as unidades de paisaxe da Praia de Cirro (03\_02\_123) e da Praia de San Pedro(03\_02\_122) sendos ámbitos de recualificación que son definidos polo propio POL como **areás nas que identifican dinámicas de ocupación do territorio desconformes coas determinacións do POL.**

A delimitación destes ámbitos terá por obxecto operacións de protección e mellora do bordo litoral dada a súa elevada visibilidade, calidade escénica e ambiental, e de cohesión social.

As áreas incluídas no ámbito do PEPOID de Veigue son, como se indicou anteriormente, na meirande parte áreas de **Mellora Ambiental e Paisaxística** e áreas de **Protección.**

As directrices establecidas no artigo 36º, para ámbitos de Mellora Ambiental e Paisaxística son:

- Mellorar a calidade ambiental e paisaxística da área litoral, acometendo as operacións de conservación e restauración necesarias
- Garantir a integridade do borde costeiro como un espazo público de calidade e disfrute social.
- Favorecer o mentemento como un espazo aberto e natural en continuidade coa costa, minimizando a súa ocupación e planificando, no seu caso, os desenvolvementos urbanísticos



necesarios conforme a presente normativa.

- Mellorar, conservar, recualificar e renovar as fachadas marítimas dos asentamentos propios do litoral.

## **2. CARACTERIZACIÓN DA PAISAXE**

### **2.1 DESCRIPCIÓN DO AMBITO DE ESTUDO**

Este ámbito territorial é o resultado dunha orografía xerada pola desembocadura das Rías de Betanzos, Ares e Sada, en xeral a topografía caracterízase por formas suaves e macizas, na subárea litoral do sector de As Mariñas destacan as terras baixas, por debaixo dos 200m de altitude.

Posúe unha gran variedade paisaxística, con zonas de estuarios, praias e cantís, ademais dos asentamentos litorais característicos da comarca.

A inserción dentro da área metropolitana da Coruña, fai que este territorio se atope en continua transformación debido sobre todo ás dinámicas económico-sociais dos últimos cincuenta anos.

Estas transformacións fan que desde un punto de vista paisaxístico se mesturen zonas rurais con crecementos dispersos contemporáneos. A progresiva urbanización do territorio co aumento do turismo estival a partir dos anos sesenta e as novas formas de residencia son parte das causas.

Ante esta transformación do espazo rural, antigas terras de labor, hoxe abandonadas, deron paso a novas paisaxes dominadas pola presenza de especies forestais de crecemento rápido, principalmente o eucalipto.


Estes fenómenos dan como resultado un concello fortemente urbanizado, cunha densidade de máis de 500 hab./km<sup>2</sup> onde a vila mariñeira de Sada destaca como o asentamento poboacional máis importante. En torno a ela, pequenos asentamentos tradicionais alterados e en constante crecemento, se conectan e relacionan entre si a través dunha rede viaria complexa.

Os pequenos núcleos apóianse nunha densa malla viaria municipal, sobre a que se establecen os desenvolvementos urbanísticos, propiciados principalmente pola posición xeográfica que ocupa o Concello de Sada no ámbito da área metropolitana da Coruña.

Trátase polo tanto, dun municipio moi complexo e dinámico, no que a vila costeira de Sada destaca como centro urbano principal, e onde os asentamentos dependen en gran medida das relacións entre esta vila e A Coruña.

#### **2.1.1 Descrición das unidades da Paisaxe presentes no ámbito**

O Plan de Ordenación do Litoral delimita neste ámbito dúas Unidades de Paisaxe:



*Unidades da Paisaxe golfo Ártabro Litoral (Catálogos da Paisaxe de Galicia)*

#### 1) PRAIA DE SAN PEDRO

Trátase dunha unidade acantilada con Praia pegada que presenta fortes pendentes nunha vertente degradada que ascende ata un flanco elevado dun bloque individualizado tectónicamente e orientado de NNO a SSE, o de Carnoedo.

A vertente, forma unha pequena cunca que ten na praia de San Pedro a súa fronte costeira, que desagua á ría de Ares-Betanzos, nunha costa mixta que alterna os cantís coas praias areosas sen dunas.

A fronte litoral forma, xunto coa praia de Cirro e Lorbé, unha baía relativamente aberta coñecida como enseada de Lorbé, delimitada por unha sucesión de cantís e pequenas praias. O ámbito da praia de San Pedro caracterízase por ser o que ten o relevo máis accidentado. É tamén a unidade menos poboada e coa maior parte da súa superficie cuberta por masas forestais.

A maior parte da superficie desta unidade está cuberta por bosque de repoboación que combina especies autóctonas con piñeiros e eucaliptos. Nas zonas máis próximas á costa mantéñense certas masas de vexetación de ribeira asociada ao curso do rego de San Pedro, e boa parte do solo que en ambas as dúas vertentes descenden ata a praia de San Pedro alberga usos residenciais. Só un pequeno fragmento de terreo conserva o uso agrícola, que antes se estendía ata a fronte litoral na vertente oeste do val. Nos arredores da praia de San Pedro aparecen outros usos do solo vinculados á explotación turística, como zonas de acampada ou grandes áreas de aparcadoiro.





*Unidade Paisaxística da Praia de San Pedro (fonte POL)*

Non existe nesta unidade ningún núcleo de poboación de orixe tradicional. Os fenómenos de urbanización dispersa que aparecen próximos á costa no límite occidental están compostos fundamentalmente por tipoloxías de vivenda unifamiliar illada. Na vertente oriental, recortándose na masa forestal, descenden pola ladeira do Monte Taibo edificacións unifamiliares unidas, así como vivendas illadas na parte máis alta da ladeira.

A rede viaria interna desta unidade non presenta modificacións significativas con respecto aos camiños que tradicionalmente estruturaban o territorio de acordo con criterios de accesibilidade á produtividade da terra. Unha serie de camiños radiais xurdían de Veigue, o núcleo máis importante da área e que está situado na veciña unidade de Praia de Cirro. Un deles levaba ata a Punta do Castelo, para baixar desde aí á Praia de San Pedro, e supón hoxe en día o límite oriental desta unidade paisaxística. É nesta vía onde se apoiou o crecemento residencial antes mencionado.

As dinámicas producidas nesta paisaxe caracterizáronse por un progresivo abandonos das terras de cultivo que rodeaban os núcleos tradicionais. Estes terreos serviron nunhas ocasións como soporte para crecementos residenciais, e noutras para pastos ou cultivos forestais. Na Praia de San Pedro, introducíronse ademais novos usos relacionados co aproveitamento da praia.

Desde a unidade de San Pedro xéranse interesantes visuais que atravesan a enseada de Lorbé. Desde o presente costeiro conséguese unha percepción do conxunto da paisaxe, abrindo as visuais ladeira embaixo ata chegar á costa.

O POL delimita para esta área os seguintes ámbitos de recualificación paisaxística que se abordan no presente PEPOID:

1- Crecementos residenciais de vivendas unifamiliares situadas na ladeira oriental na traseira da praia de San Pedro, incluíndo o cámping do mesmo nome e o aparcadoiro. O obxecto da recualificación é minimizar a presión sobre o sistema da praia, mellorar a súa integración no bordo litoral dada a súa elevada visibilidade, e facilitar a consecución dunha funcionalidade



urbana adaptada ás características da súa localización litoral.

2- Crecemento residencial recente inserido no monte de arboredo da ladeira oriental, co obxecto de minimizar a presión sobre o sistema da praia e as formacións forestais, mellorar a súa integración no bordo litoral dada a súa elevada visibilidade e facilitar a consecución dunha funcionalidade urbana adaptada ás características da súa localización litoral.



*Vista oblicua da unidade paisaxística da Praia de San Pedro (fonte POL)*

## 2) PRAIA DE CIRRO

Trátase, ó igual que a Unidade da Praia de San Pedro, dunha Unidade acantilada con Praia ao pé, con vertente suave a moderada, maior na parte oriental, onde aínda afecta o flanco elevado do bloque tectónico de Carnoedo.





*Unidade Paisaxística da Praia de Cirro (fonte POL)*

A unidade, con escasa prolongación continental, forma un val de orientación norte-sur que ten na praia de Cirro a súa fronte costeira.

É unha costa mixta que alterna cantís atlánticos con praias areaosas sen dunas, cunha sensible área intermareal. A zona interior da unidade está intensamente transformada, as frondosas autóctonas só aparecen en pequenos rodais de recolonización.

Nesta unidade mantense aínda o uso agrícola en boa parte da súa superficie, aínda que dun xeito moi fragmentado pola aparición de novos usos residenciais que ocupan grandes superficies de solo. Ao longo do rego de Cirro aparecen masas de vexetación de ribeira que se alternan con árbores de repoboación fruto do abandono. A fronte litoral acolle uso residencial de tipo estacional.



*Vista oblicua da Unidade Paisaxística da Praia de Cirro (fonte POL)*

Na zona meridional da unidade, a media ladeira da vertente oeste do val de Cirro, sitúase o núcleo parroquial de Veigue, formado polos casaríos de Quintán, Fraga, Soutilo e Chan de Aldea. O crecemento que experimentou recentemente materializouse case en exclusiva mediante unha tipoloxía edificatoria de vivenda unifamiliar illada desvinculada dos usos produtivos do chan. Apoiándose nas vías de comunicación, xerou un tecido pouco denso, altamente esponxado e sen continuidade espacial que ocupa a práctica totalidade da unidade.



A rede viaria organízase dun xeito radial a partir do núcleo de Veigue. As vías existentes apóianse sobre antigos camiños e pistas que facilitaban os labores agrícolas.

As unidades paisaxísticas de Praia de San Pedro, Praia de Cirro e Lorbé experimentaron unha evolución significativamente similar nas dinámicas da súa organización territorial. En liñas xerais, este proceso caracterízase por un progresivo abandono das terras de cultivo que rodean os núcleos tradicionais de poboación, terreos que nesta unidade en particular serviron como soporte para crecementos residenciais extensivos de moi baixa densidade apoiándose sobre todo nas vías de comunicación. Este crecemento residencial levou tamén á redución da superficie forestal do norte da unidade, especialmente das masas boscosas que se situaban na franxa litoral setentrional.

O ámbito da praia de Cirro é o que soporta unha maior urbanización dispersa, que ocupa unha grande parte da súa superficie, especialmente no borde costeiro, debido ao seu aproveitamento turístico.



*Imaxe do cantil da Praia de Cirro*

O POL delimita para esta área os seguintes ámbitos de recualificación paisaxística que se abordan no presente PEPOID:

Desenvolvementos residenciais dispersos de tipoloxía maioritaria unifamiliar illada, desde o trazado da estrada AC-163 ata a praia de Cirro e o perfil cantil que a enmarcan, que están desvinculados das actividades rurais e non presentan unha funcionalidade urbana. O obxectivo é integrar os baleiros como elementos xeradores de trama ou estrutura física e funcional, minimizar a presión sobre a praia e o perfil cantil e mellorar deste xeito a calidade escénica e ambiental deste lugar.

O conxunto da Praia de San Pedro, Cirro e Lorbé presenta un litoral de alto valor, xa que a sucesión de pequenas praias areosas con formacións acantiladas cubertas de vexetación atlántica supón un fenómeno particularmente salientable. (POL).



*Punta do Castelo. Praia de Cirro*

## **2.2 IDENTIFICACIÓN DOS ELEMENTOS DA PAISAXE**

### **2.2.1 Elementos Estructurais**

#### a) RELEVO

Este ámbito territorial é o resultado dunha orografía xerada pola desembocadura das Rías de Betanzos, Ares e Sada, en xeral a topografía caracterízase por formas suaves e macizas, destacan as terras baixas, por debaixo dos 100m de altitude. Presenta unha clara orientación Norte definida por dúas pequenas cuncas que conforman o Rego de Soutillo e o Rego de San Pedro, ambos de pequena entidade e que forman dous pequenos vales de orientación Norte-Sur, que teñen por fronte costeiras as praias do Cirro de San Pedro, respectivamente, que desaguan á ría de Betanzos-Ares.

A zona mais elevada atópase no núcleo de Quintas no extremo sur do ámbito onde se acadan os 125m sobre o nivel do mar.

O tramo de costa da Enseada do Cirro, entre a Pena da Herba e Punta do Cirro está asociada a unha costa moi recortada, onde o relevo moitas das veces remata de xeito brusco en cantís que son resultado máis de movementos tectónicos que da propia acción do mar. Esta afecta sobre todo na erosión da súa base, producindo pequenas praias como as de Cirro e San Pedro.

De oeste a leste os principais fitos costeiros neste tramo da Enseada do Cirro son Punta do Cirro, Praia do Cirro, Punta do Castelo, Praia de San Pedro e Pena da Herba.



b) XEOLOXÍA E EDAFOLOXÍA

A zona de estudo pertence ao Precámbrico-Silúrico. O substrato xeolóxico de todo o ámbito do PEPOID está constituído por rochas básicas pertencentes á denominada Serie de Ordes. Trátase de xistos e cuarzos que teñen un maior contido de biotita, anfíboles e plagioclasas.

Os xistos fan que se presenten graos de permeabilidade baixos ou impermeables favorecendo a escorrenta superficial a favor da pendente, polo que a auga das precipitacións atmosféricas vai parar, na súa maioría, aos leitos fluviais cunha porcentaxe mínima de infiltración para as capas do subsolo.

A combinación das características climáticas e orográficas da zona estudada, ademais das propiedades do substrato xeolóxico e a vexetación e microfauna asentada no terreo ao longo da edafogénesis, deron como resultado un solo cun alto contido en materia orgánica, de pH ácido e rico en nitróxeno aínda que escaso noutros nutrientes importantes para as plantas.

Na Memoria do PEPOID, capítulo 2.1.2 *Características naturais do territorio* descríbese promenorizadamente este apartado.


c) HIDROGRAFIA E HIDROLOXÍA

A rede hidrográfica está formada por dúas pequenas cuncas de tipo costeiro, caracterizadas polo seu pequeno tamaño respecto das interiores, e unha maior torrencialidade, asociadas a unha rede fluvial pouco significativa que desenvolve pequenos vales que verten o mar, á masa de Augas Costeiras da Ría de Ares e Betanzos (20096).

O Plan Hidrolóxico Galicia Costa (PHGC) vixente, no ámbito do PEPOID identifíca sete regos, tres dos cales teñen unha cunca de aportación de menos de 1 Km<sup>2</sup>, todos eles son de escasa entidade e innominados salvo o rego de San Pedro, discorren de sur a norte ata a súa desembocadura nas praias do Cirro e San Pedro.

Segundo o correspondente Plan hidrolóxico, o Rego de San Pedro (código ES.014.NR.121.000.01.00), é unha masa de auga natural que se atopa en mal estado por contaminación microbiolóxica, clasificando o estado ecolóxico como moderado. A maior presión desta masa é o uso urbano. Respecto ao cumprimento dos obxectivos medioambientais ten prorrogado o seu prazo para acadar o cumprimento a este ano 2021.

No ámbito marítimo o PHGC identifica a ría de Ares-Betanzos como zona de especies acuáticas economicamente significativas, en concreto como zona de produción de moluscos bivalvos co código GAL 04/01, cuxo límite se estende desde Punta Coitelada ata Punta Mera abarcando unha área de produción de 91,33 Km<sup>2</sup>, e aportando caracter singular á paisaxe da zona.



Plano de topografía e hidroloxía. Anexo EIIP PEPOID Veigue

d) CLIMA

O clima en Sada é o propio da costa noroeste galega, tipo atlántico, suavizado pola influencia oceánica, debida á proximidade á costa e ao efecto de protección pola súa disposición no interior do Arco Ártabro debido á orografía do mesmo.

O clima descríbese con maior detalle na memoria do PEPOID, no apartado 2.1.2 *Características naturais do territorio*.

2.2.2 Elementos Texturais

a) VEXETACIÓN

O ámbito pertence á Rexión Eurosiberiana, Provincia Cántabro-Atlántica, Sector Galaico-Portugués, Subsector Compostelano. A vexetación potencial desta zona pertence á serie colina galaico-portuguesa acidófila do carballo (8c.-*Ruscus aculeati-Quercetu roboris sigmetum*) que corresponde no seu óptimo estable cunha carballeira densa de carballos (*Quercus robur*), que pode levar unha certa cantidade de rebolo (*Quercus pirenaica*), acevos (*Ilex aquifolium*), castiñeiras (*Castanea sativa*), loureiros (*Lauris nobilis*) e sobreiras (*Quercus suber*).

Actualmente, a intensidade de uso na zona provocou en liñas xerais, que a vexetación



existente no ámbito se limite en grande medida a cultivos forestais e agrícolas e prados.

Os cultivos forestais están formados por especies de crecemento rápido como son o piñeiro do país (*Pinus pinaster*) e o eucalipto (*Eucalyptus globulus*), ás veces mesturadas e outras, na maioría dos casos, predomina o eucalipto. Cubren gran superficie da zona leste, no ámbito da unidade Paisaxística da Praia de San Pedro.

Existen no ámbito pequenos rodeiros de arborado autóctono caducifolio asociado aos cursos de auga, pequenas manchas illadas de bosque de ribeira ou formando bosque mixto entre as praias de Cirro e San Pedro cos eucaliptos e os piñeiros procedentes da degradación de hábitats 9230 ou 9260 ou en proceso de recolonización como vexetación potencial.



*Vexetación presente nos cantís*

Na zona costeira atopamos vexetación propia de cantís. É unha costa mixta que alterna os cantís co seu hábitat 1230 de cantís atlánticos, coas praias areosas sen dunas. Aparece ademais o 1210 de vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados ao existir unha sensible área internareal.

Os pequenos prados e cultivos agrícolas sitúanse na contorna dos núcleos rurais incluídos no ámbito. Son, en xeral, cultivos destinados ao autoabastecemento da poboación que habita nos núcleos circundantes.

b) USOS

No patrón de uso de estado actual do solo no ámbito predomina o mosaico disperso e continuo de uso residencial e agrícola, relegando as áreas naturais a pequenas manchas ailladas vinculadas xeralmente aos cauces fluviais, e ao ámbito costeiro.





O proceso de urbanización caracterizouse por un progresivo abandono das terras de cultivo que pasaron a servir como soporte para crecementos residenciais extensivos de moi baixa densidade apoiándose sobre todo nos rúeiros. Este crecemento residencial levou tamén á redución da superficie forestal do norte da unidade, especialmente das masas boscosas que se situaban na franxa litoral. No contorno das praias do Cirro e San Pedro xurdiron novos usos, relacionados co aproveitamento da praia como reclamo turístico, que introduciron patróns de organización distinta no relativo ás tipoloxías de edificación, a rede viaria ou a estrutura parcelaria, cunha elevada densidade de uso e ocupación do solo.

Nun principio tratouse dun desenvolvemento urbanístico baseado na vivenda de segunda residencia, con tipoloxías unifamiliares e colectivas, que se foron asentando tanto na trama dos núcleos tradicionais cada vez máis alterados, como fora deles, coa aparición de urbanizacións espontáneas. Pero nos últimos anos, un novo xeito de entender a relación co campo e co medio natural, fixo que aumentase de xeito substancial a construción de vivendas de primeira residencia. Esta dinámica provocou claros desequilibrios pola capacidade limitada que ten un territorio para adaptarse a alteracións tan importantes en tan pouco tempo, e que conleva unha paulatina perda de identidade dos asentamentos tradicionais así como unha incapacidade para asumir os constantes movementos demográficos.

Non existe nesta parte do ámbito do PEPOID núcleos de orixe tradicional. Os fenómenos de urbanización dispersa que aparecen próximos á costa están compostos fundamentalmente por tipoloxías de vivenda unifamiliar illada. Na vertente oriental, recortándose na masa forestal, descenden pola ladeira do Monte Taibo edificacións plurifamiliares unidas, así como vivendas illadas na parte máis altas da ladeira.



*Usos do solo e edificacións no contorno da Praia de Cirro. Fonte: POL*

O mosaico agrícola mantense dun xeito moi fragmentado, a continuidade que presentaba antigamente o agra desapareceu pola xeración de novos usos residenciais que consumen



grandes extensións de chan.

Na zona meridional da unidade, a media ladeira da vertente oeste do val de Cirro, sitúase o núcleo parroquial de Veigue, formado polos casaríos de Quintán, Fraga, Soutilo e Chan de Aldea. O crecemento que experimentou recentemente materializouse case en exclusiva mediante unha tipoloxía edificatoria de vivenda unifamiliar illada desvinculada dos usos produtivos do chan. Apoiándose nas vías de comunicación, xerou un tecido pouco denso, altamente esponxado e sen continuidade espacial que ocupa a práctica totalidade da unidade.

### **2.2.3 Relacions**

#### a) FUNCIONAIS, ASENTAMENTOS

O ámbito do PEPOID, vese altamente influenciado pola proximidade da área urbana de A Coruña e do municipio de Oleiros onde as estruturas rurais, aínda carecendo da economía base agrogandeira tan importante noutros tempos, son as predominantes.

Trátase dun territorio extensamente poboado onde os asentamentos de carácter rural distribúense de forma dispersa apoiados nos eixes lineais que configuran as estradas que vertebran o ámbito, que a súa vez se subdividen seguindo antigos camiños ou deslindes, formando unha malla que ocupa case a totalidade do territorio con vivendas unifamiliares ou pequenas urbanizacións, nun continuo edificatorio.

#### **Insercion topográfica**

Ó remate da segunda metade do século XX, Santa Comba de Veigue presenta un poboamento asentado en torno a tres vías: a AC-163, a DP-5815 e unha estrada municipal. O desenvolvemento posterior obedece ás favorables características da franxa costeira neste tramo, coa presenza de dúas praias protexidas dos ventos, así como ó relevo ascendente ó sur e leste, que produce unha ladeira con amplas visuais sobre o espazo litoral.

No ámbito do presente PEPOID destaca o asentamento histórico ou orixinal de **Chan de Aldea**, no que se reconece unha estrutura de base agraria cunha morfoloxía caracterizada polo desenvolvemento orgánico e adaptado ao medio físico. Destacan tamén certas entidades tradicionais dispersas, nos lugares de A Fraga, Curuxas e Cirro, os casais, entidades dispersas que conservan trazos do seu apego ás labores do campo na súa estrutura parcelaria.

Entorno ao núcleo esténdense as terras de cultivo, que continúan ata o mar, de xeito que o asentamento posee dominio sobre os labradíos e a costa.



*Chan da aldea sinalado sobre Ortofoto do ano 1956*

### **Viario**

Dende os núcleos xorde un viario de comunicación cos lugares e casais. Estes últimos son explotacións illadas constituídas por poucas casas, que forman o hábitat disperso orixinado a partir do século XI, cando un aumento de poboación provoca a busca de novas terras de labor, que se gañan ó bosque (co conseguinte aumento, tamén, dos núcleos tradicionais).

Entre estes asentamentos orixinais ou históricos e utilizando como soporte a estrutura viaria e parcelaria rural que rodea a estes asentamentos, foi desenvolvéndose desde mediados do século pasado, un proceso edificatorio diferido, unha colonización do espazo agrícola en estado de abandono, cunha edificación de vivenda unifamiliar illada. Este proceso edificatorio foi desembocando en agrupacións que tenden a colmatar o espazo intersticial entre os asentamentos preexistentes dun xeito desestructurado, desligado da estrutura viaria existente.



### Tipoloxía, tamaños e materiais

Como se indicou en apartados anteriores, a tipoloxía edificatoria predominante do ámbito do presente PEPOID é a de vivenda unifamiliar illada asentada nunha estrutura parcelaria que mantén certa vinculación cos usos rurais e agropecuarios, do que son testemuña a multitude de edificacións auxiliares xurdidas arredor da edificación residencial, mais estes usos presentan na actualidade un carácter lúdico máis que de subsistencia.

A volumetría desta vivenda tradicional responde a unha edificación de planta rectangular composta de planta baixa e planta primeira, cunha estrutura a base de muros de cachotería e cantería en ocos e esquinais, enfoscados e pintados. As fachadas posúen unha disposición de vanos xeralmente simétrica e ocos de pequeno tamaño con carpintería de madeira que de xeito puntual pode estar formada tamén por contras cara ao exterior. A estrutura da cuberta resólvese a dúas augas con tella cerámica curva na que destacan as dimensións da cheminea.

A partires desta tipoloxía de vivienda tradicional xorde outra tipoloxía de vivenda popular na que a casa forma o corpo básico, de planta rectangular e volumetría sinxela á que se lle acaroan unha serie de corpos destinados a dependencias agrarias, con diferentes alturas. No ámbito do PEPOID esta tipoloxía adoita identificarse por unha fachada formada por tres eixos coa porta de acceso en posición central articulada mediante liñas horizontais. Na primeira planta ábrese xeralmente un balcón central en voo ou mesmo tres balcóns (o central en voo e os laterais na liña de fachada), con varandas de balaústres torneados de formigón. Destacan en ocasións os remates mediante cornixas en voo ou elementos decorativos característicos da época modernista.





### *Vivenda tradicional en Soutilo*

Puntualmente, nas últimas décadas, aparece outro tipo de asentamento, froito do desenvolvemento de actuacións de execución conxunta nun proceso de deseño, xestión, urbanización e edificación concentrado no tempo. Trátase das vivendas unifamiliares de A Valexa, xurdidas tralo desenvolvemento dun estudo de detalle, da urbanización de San Pedro froito dun Plan Parcial, ou das vivendas executadas conxuntamente no vial paralelo á costa en Cirro.

#### b) FORMAIS E ESTÉTICAS

O ámbito sitúase nunha ladeira en val de pequena pendente sobre a costa norte, debido á súa morfoloxía e situación a visibilidade sobre a superficie total do ámbito é limitada.

Podemos dividir o ámbito en dúas zonas, que se corresponderían aproximadamente coas dúas unidades paisaxísticas, nunha delas predomina a textura e o cromatismo en tons verdes que lle confiren as especies forestais de crecemento rápido, que ocultan a visibilidade da liña que establecería a vexetación de ribeira do rego de San Pedro, e na outra predomina o mosaico agrario-rururbano.

O mosaico agrario orixinal aparece agora colonizado pola urbanización de vivendas unifamiliares dispersas sin ordenación aparente, apoiadas nos rueiros orixinais que configuran liñas fragmentadas e en ocasións inconexas. Este mosaico fragmentado e heteroxéneo carece en xeral de valor estético.

Os fitos que podemos encontrar atópanse na costa, nos cantís, areais e no ámbito da punta do Castelo.

A estacionalidade non é apenas perceptible xa que as especies frondosas caducifolias limitáanse a pequenos rodais, que ás veces están incluso ocultas por vexetación perenne de crecemento rápido, como os piñeirais ou eucaliptais.

#### c) ECOLÓXICAS

Os principais valores naturais da zona atópanse no ecosistema litoral. O ámbito do PEPOID abrangue unha costa mixta que alterna os cantís co seu hábitat 1230 de cantís atlánticos, coas praias areosas sen dunas. Aparece ademais o 1210 de vexetación anual sobre refugallo mariños acumulados ao existir unha sensible área intermareal. Como se dixo anteriormente á flora existente non destaca pola súa riqueza, naturalidade ou singularidade xa que se trata dunha zona intensamente antropizada e transformada onde as frondosas autóctonas caducifolias só aparecen en pequenos rodais de recolonización.

O Pol delimita no ámbito un corredor ecolóxico no regato de San Pedro. A protección de corredor segue o criterio de conectividade ecolóxica recollido na lexislación europea, estatal e autonómica sobre conservación da natureza e a protección da paisaxe. En particular, xa a Directiva Hábitats (1992) recolle a conectividade ecolóxica e a promoción dos elementos lineais da paisaxe no seu artigo 10.



A protección e valorización de ese corredor complementará a funcionalidade e conectividade dos ecosistemas costeiros.

### 2.3 DINÁMICAS

As seguintes imaxes poñen de manifesto sobre a ortofotografía, a evolución da contorna desde os asentamentos tradicionais que formaban parte do vello sistema agrario galego, que todavía se pode ler na ortofotografía do voo americano dos anos 1956 e 1957, no que as vivendas se situaban a media ladeira e o chan era explotado de xeito intensivo nun sistema tradicional minifundista de pequenas parcelas agrícolas, que ocupaban todo o territorio ata o mesmo borde do cantil, cara a unha transición nuclear e a posterior ocupación do territorio cun crecemento espontáneo difuso de vivenda unifamiliar sin ningún tipo de relación coa paisaxe agraria existente.



*Ortofoto do voo americano 1956-1957*

Estos novos xeitos de ocupación do solo buscan a proximidade ao mar, achegándose e ocupando con novos usos o borde inmediato á praia, transformando e mesmo construindo, como ocorre na praia de Cirro, o cantil.

Esta nova ocupación residencial do solo agrícola apóiase na estrutura de camiños tradicionais que permitían os labores agrícolas, có resultado dunha paisaxe complexa, fragmentada na que se alternan tecidos residenciais con prados, cultivos agrícolas e parcelas abandonadas, que supón unha perda de calidade ambiental e paisaxística.



*Ortofotos do PNOA 2005 e do PNOA 2017*



## 2.4 IDENTIFICACION DOS ELEMENTOS DE SINGULAR VALOR PAISAXÍSTICO

Da análise realizada, identifícanse os seguintes elementos con singular valor paisaxístico:


### 2.4.1 Valores naturais e ecolóxicos

Os principais valores naturais da zona atopámoslos no ecosistema litoral. O ámbito do PEPOID abrangue unha costa mixta que alterna cantís co seu hábitat 1230 de cantís atlánticos, con praias areosas sen dunas. Aparece ademais o hábitat 1210 de vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados ao existir unha sensible área intermareal.

Como se dixo anteriormente a flora existente non destaca pola súa riqueza, naturalidade ou singularidade xa que se trata dunha zona intensamente transformada onde as frondosas autóctonas caducifolias só aparecen en pequenos rodais de recolonización e nalgúns tramos fluviais como vexetación de ribeira mesturada con especies forestais de crecemento rápido..

Todo o ámbito do PEPOID atópase incluído na Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas e Terras de Mandeo. Esta área protexida por instrumentos internacionais foi aprobada mediante a Resolución de 20 de novembro de 2013.

O territorio da Reserva de Biosfera alberga unha elevada riqueza de especies silvestres, tanto no relativo á flora como na fauna, representativos do medio mariño, costeiro, e continental da Rexión Biogeográfica Atlántica.







### Zonificación da Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo

O ámbito do PEPOID atópase entre a zona tampón, a máis próxima á costa, e a zona de transición, delimitada cara ao interior, ao sur do ámbito.

No ámbito do PEPOID non existen áreas pertencentes á Rede galega de espazos protexidos nin á Rede Natura 2000, nin espazos naturais de interese local nin espazos privados de interese natural. Pero este tramo costeiro encóntrase entre dúas áreas de interese ambiental e paisaxístico, O ZEPVN Costa de Dexo en Oleiros pertencente á Rede Natura 2000, e o EIP de Punta San Mamede que limita có ámbito polo leste. O que pon de manifesto a localización estratéxica do ámbito, e a importancia para os ecosistemas que suporá a liberación e recuperación do espazo costeiro contribuíndo á conectividade ecolóxica da costa.



### Valores naturais e ecolóxicos: espazos naturais protexidos. Catalogos da Paisaxe de Galicia

O POL fai visibles estes valores naturais, ambientais e científicos incorporando como obxectivo a súa conectividade coa intención de dotalos de funcionalidade ecolóxica.

As categorías de protección que delimita o POL para esta área agrúpanse, á súa vez, en Protección intermareal, Protección costeira e Corredor.

#### a) PROTECCIÓN INTERMAREAL


Clasifica baixo esta categoría o areal da praia de Cirro. Son chairas intermareais de elevado valor natural e ambiental nas que o escenario costeiro se prolonga por rías e esteiros xerando formas asociadas ás dinámicas fluvio-mariñas, compartindo as súas mesmas características e valores de conservación.



Os obxectivos para esta zona consisten en preservar a funcionalidade destes ecosistemas profundamente vinculados coa dinámica fluvio-mariña ao mesmo tempo que a mellora da calidade das augas. É especialmente importante nestes ámbitos non soamente evitar a súa ocupación, senón mellorar a súa calidade (en concreto a calidade das súas augas), posto que supoñen hábitats excepcionais e sen lugar a dúbidas identitarias das zonas costeiras. Son ámbitos nos que as perturbacións de carácter antrópico poden alterar o fráxil equilibrio das condicións que configuran o medio natural no que se desenvolven os ecosistemas que lles son propios, provocando así a perda da súa biodiversidade.

b) PROTECCIÓN COSTEIRA

Correspóndese coas áreas que conforman os elementos máis singulares e representativos do escenario costeiro, incluíndo significativos valores ambientais que deben ser obxecto de conservación. Engloba espazos de elevado valor natural e ambiental, así como paisaxístico por constituíren as xeofomas rochosas (cantís, illas e illotes) e os sistemas praia-duna xunto coas formacións vexetais costeiras asociadas. Do mesmo modo, inclúense nesta categoría os espazos afectados polas dinámicas costeiras, a franxa costeira setentrional do ámbito do PEPOID.



Plano Modelo de Xestión folia AK12. Plan de Ordenación do Litoral



Os obxectivos desta protección no ámbito pasan por conseguir definir unha superficie continua ao longo de toda a costa para a salvagarda dos seus valores característicos desde o punto de vista xeomorfolóxico, ecolóxico e paisaxístico. Isto, por unha parte, permítenos preservar a funcionalidade dos ecosistemas proporcionándolles a necesaria **conectividade**. Dentro destes ámbitos, localízanse os areas costeiros, os cantiles, e a conexión có corredor fluvial do Rego de San Pedro, có fin de garantir a conectividade dos espazos naturais da contorna e o funcionamento ecolóxico do sistema fluvio-mariño.

c) CORREDORES

Atópanse recollidos nesta categoría, entre outros, os cursos de auga e a súa vexetación de ribeira, así como os espazos adxacentes necesarios para o bo funcionamento dos hábitats de especial valor ecolóxico que os conforman, actuando como **garantes da conectividade entre as áreas costeiras e os espazos interiores de valor ambiental**. No ámbito do PEPOID o corredor de maior entidade é o conformado polo rego de San Pedro ocupando boa parte da unidade Paisaxística da Praia de San Pedro.

Cara o suroeste atópase unha pequena superficie do corredor que forma o rego de Lugrís.

#### **2.4.2 Valores culturais e patrimoniais**

O PXOM recolle no seu catálogo para o ámbito do presente Plan Especial, unha serie de elementos que, polas súas calidades históricas, artísticas, culturais e naturais se consideran Patrimonio e que por tanto precisan dos mecanismos apropiados que garantan a súa correcta protección e conservación. De todos eles, destaca no ámbito pola súa singularidade o patrimonio arqueolóxico, con dous elementos:

- **Castro da Fraga de Veigue**, (GA 15075008) Castro fortificado da Idade de Ferro asentado en ladeira no lugar de San Pedro
- **O Castelo** (GA 15075007) Castro fortificado da Idade de Ferro, sitúase na fronte litoral, asomándose ao mar no extremo oriental da Praia de Cirro, os restos do asentamento dan nome á Punta onde se asentan.



*Vista da punta do Castelo desde a praia de Cirro*



<b>NOME:</b> O Castelo/ Punta do Castelo/ Cirro <b>LUGAR:</b> San Pedro (Punta do Castelo) <b>PARROQUIA:</b> Santa Comba de Veigue	<b>CÓDIGO DO ELEMENTO:</b> <b>GA15075007</b>
<b>CLASIFICACIÓN DO SOLO:</b> Solo Rústico de protección do patrimonio <b>GRAO DE PROTECCIÓN:</b> G.II-1/ G.II-2 <b>COORD. U.T.M.:</b> X 557.375 Y 4.803.950 Alt. 13 m.s.n.m.	<b>LOCALIZACIÓN EN PLANO:</b> <b>EX-01</b> <b>OD-Z-A2</b>
	
<b>EMPRAZAMENTO TOPOGRÁFICO:</b> Punta mariña <b>ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA:</b> Castro (asentamento fortificado) <b>ADSCRICIÓN CULTURAL:</b> Idade do Ferro	
<b>PERÍMETRO DO BEN PROTEXIDO:</b> Delimitado pola estrutura visible mais externa do xacemento (defensas) e un perímetro exterior de 10 metros. (G.II-1) <b>CONTORNO DE PROTECCIÓN:</b> Espazo definido por límites de finca, viais de acceso á Praia de Cirro e regos que engloban as calas existentes a ambos lados do xacemento, en especial a Praia de Cirro. (G.II-2)	

*Ficha do catálogo do PXOM de Sada correspondente á Punta do Castelo*



<b>NOME:</b> O Castro/ Castro de Veigue <b>LUGAR:</b> San Pedro (A Fraga) <b>PARROQUIA:</b> Santa Comba de Veigue		<b>CÓDIGO DO ELEMENTO:</b>  <b>GA15075008</b>
<b>CLASIFICACIÓN DO SOLO:</b> Solo Rústico de protección do patrimonio / Solo de Núcleo Rural <b>GRAO DE PROTECCIÓN:</b> G.II-1/ G.II-2 <b>COORD. U.T.M.:</b> X 557.184 Y 4.803.303 Alt. 80 m.s.n.m.		<b>LOCALIZACIÓN EN PLANO:</b>  <b>EX-01</b> <b>OD-Z-A2 /B2</b>
		
<b>EMPRAZAMENTO TOPOGRÁFICO:</b> Ladeira <b>ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA:</b> Castro (asentamento fortificado) <b>ADSCRICIÓN CULTURAL:</b> Idade de Ferro		
<b>PERÍMETRO DO BEN PROTEXIDO:</b> Delimitado pola estrutura visible mais externa do xacemento (defensas) e un perímetro exterior de 10 metros. (G.II-1)  <b>CONTORNO DE PROTECCIÓN:</b> Espazo definido por límites de finca e vias que delimitan a unidade fisiográfica na que se asenta o xacemento. (G.II-2)		

*Ficha do catálogo do PXOM de Sada correspondente ao Castro situado na Fraga*

En canto a patrimonio arquitectónico, catalóganse no núcleo de Veigue a igrexa parroquial e o cemiterio de Santa Comba, así como o Cruceiro que se vincula a ela. O PXOM destaca tamén dúas vivendas, en Chan de Aldea e Quintán e tres hórreos situados nas proximidades.

Ademais, a partir do traballo de campo realizado polo equipo redactor, identifícanse outros elementos merecedores de protección e conservación, sobre todos vivendas de carácter rural e elementos de interés etnográfico que aportan identidade e coherencia a este territorio, e que por tanto, merecen ser protexidos. Estes elementos inclúense no catálogo do presente PEPOID.



### **2.4.3 Valores de uso e produtivos**

No ámbito non existen actividades económicas destacables, ao situarse dentro da conurbación urbana A Coruña- Ferrol, a actividade industrial e terciaria concéntrase nos núcleos urbanos, dedicándose este espazo intermedio da costa para os usos residenciais.

Os valores de uso ligados ao sector primario, a pesar de ter unha importancia relativa, condicionan a ocupación do territorio e a paisaxe. Nesta paisaxe do ámbito litoral a actividade agrícola é moi residual, fragmentada e dispersa, orientada ao autoconsumo familiar. A súa morfoloxía correspondía aos eidos de bancais e socialcos das Mariñas, segundo describe Bouhier.

A actividade de produción mexiloneira ten unha presenza significativa na paisaxe litoral da ría de Sada. A imaxe das bateas sobre ría é un valor desta paisaxe que a caracteriza e supón un valor de uso e identidade.



*Imaxe das bateas de produción do mexilón na ría de Ares-Betanzos*

A costa coas praias de Cirro e San Pedro constitúe un importante atractivo turístico que conleva unha ocupación intensiva e a transformación paisaxística do ámbito, un valor de uso que deberá ser xestionado dun xeito sostible para que resulte compatible có medio ambiente e o mantemento dos valores da paisaxe, para que poida incluso ser aumentado e mellorado na súa calidade.




#### **2.4.4 Valores estéticos e panorámicos**

Son aqueles valores que non poden ser medidos dunha maneira precisa pero que forman parte da identidade da paisaxe e da cultura do lugar, polo tanto a súa preservación e posta en valor debe converterse no principal obxectivo de calquera estratexia, e en concreto deste PEPOID.

Para a consideración destes valores estéticos tomáronse como referencia as fontes documentais pertencentes á creación artística pictórica relativa á paisaxe da contorna. Nestas obras encontramos a esencia do carácter do lugar a partir da interpretación cultural e estética do mesmo.

Tomamos como referencia dous pintores cunha forte vinculación con este territorio:

Francisco Lloréns, pintor que plasmou en numerosas ocasións os valores desta costa das mariñas, e Luis Seoane. Ambos plasman a través de diferentes estilos pictóricos os valores estéticos desta paisaxe costeira que consisten na armoniosa composición de cantís e praias.



*Paisaxe das Mariñas. Francisco Lloréns*





*Paisaxe de ría. Luis Seoane*

Os catálogos da paisaxe inciden en que os valores estéticos no Golfo Artabro correspondense coas paisaxes de tipo Litoral. A presenza do mar asegura a relevancia estética en case tódalas escenas paisaxísticas, pero neste caso ademais destaca. A existencia de elementos patrimoniais arraigados na paisaxe como pode ser o Castro da punta do Castelo, outorgan maior relevancia ao conxunto.

Estes valores paisaxísticos están fortemente relacionados cos identitarios e son fruto do proceso de evolución cultural dun territorio, e da implicación emocional que ten a poboación con él, por eso resulta fundamental garantir a súa protección e valorización.


#### **2.4.5 Lugares ou puntos de singular valor ou interés paisaxístico**

Non existen no ámbito lugares identificados nos Catálogos e Paisaxe como Áreas de Especial Interese Paisaxística, nin Espazos de Interese Paisaxístico, sen embargo podemos considerar como lugares de singular valor paisaxístico:

- **O borde litoral**, a franxa costeira setentrional do ámbito do PEPOID. Trátase dun espazo de elevado valor natural e ambiental, así como paisaxístico formado polas xeofomas rochosas (cantís, illas e illotes) e os sistemas praia-duna xunto coas formacións vexetais costeiras asociadas, e os espazos afectados polas dinámicas costeiras,
- **A punta do Castelo**, punto singular da costa, situado na fronte litoral asómase ao mar no extremo oriental da Praia de Cirro, sobre este espazo encóntranse os restos dun dos escasos castros costeiros que podemos atopar en Galicia. O xacemento (GA 15075007) é un Castro fortificado da Idade de Ferro, que suma o valor patrimonial súa calidade escénica e estética, caracterizando e mesmo nomeando a Punta do Castelo.



- **O novo espazo verde litoral** que xurdirá do traslado das construcións terciarias que ocupan na actualidade o fronte das praias, dará continuidade ao espazo de Interés Paisaxístico da Punta San Mamede, situado ao Leste do ámbito, e identificado nos Catálogos da Paisaxe de Galicia.



*EIP Punta San Mamede. Catalogos da Paisaxe de Galicia*

- **O itinerario Betanzos- Lorbé** pertencente á rede de itinerarios paisaxísticos da Xunta de Galicia, atravesa de leste a oeste o ámbito do PEPOID



*Itinerario paisaxístico Betanzos-Lorbé (Fonte: Rede de itinerarios paisaxísticos de Galicia)*

O espazo fluvial do **Rego de San Pedro** coa súa vexetación de ribeira asociada na proximidade da



praia de San Pedro.

## 2.5 ANÁLISE DE VISIBILIDADE



*Vista da ría desde o cantil da praia de Cirro*

### 2.5.1 Calidade escénica

O conxunto que forman as tres unidades de Praia de San Pedro, Praia de Cirro e Lorbé presenta un litoral de alto valor, cunha sucesión de pequenas praias areosas con formacións acantiladas cubertas de vexetación atlántica que supón un fenómeno particularmente salientable.

Desde a unidade de Praia de San Pedro xéranse interesantes visuais que atravesan a enseada de Lorbé. Desde o fronte costeiro conséguese unha percepción do conxunto da paisaxe, abrindo as visuais ladeira embaixo ata chegar á costa.

Tomando como referencia as características estéticas e fisiolóxicas do ámbito, podemos concluir que no sector estudado encontramos dúas situacións, por unha banda unha área litoral con un salientable valor escénico, que reúne características paisaxísticas excepcionais; e por outra, o espazo interior, unha área ocupada por asentamentos con trazos comúns de modelo de ocupación do solo.


### 2.5.2 Condicións de percepción

Dado que non existen no ámbito lugares altos identificados como miradoiros, no traballo realizado determináronse as cuncas visuais desde os puntos de observación seleccionados, que foron, os puntos mais altos da contorna, xunto cós castros e as praias.

Sobre un modelo SIX determináronse as áreas de maior exposición visual, que van coincidir coas áreas de maior valor escénica e paisaxística, e que serán tamén, por tanto, e como veremos a continuación as áreas de maior fragilidade, e que por tanto deberán ser liberadas

de impactos e protexidas.

Ademais consideráronse as vistas desde a costa cara ao interior que nos aportan as fotografías do Plan de Ordenación do Litoral.



*Plano coas áreas de maior exposición visual. Anexo EIIP PEPOID Veigue*

## **2.6 IDENTIFICACIÓN DOS IMPACTOS PAISAXÍSTICOS**

Existen no ámbito elementos que configuran importantes impactos que afectan aos ecosistemas naturais e contribúen á degradación da paisaxe.

Fundamentalmente a ocupación excesiva do borde costeiro con usos terciarios en forma de campamentos e restaurante, a construción do cantil na praia de Cirro, e incluso a propia natureza do asentamento, co seu viario, edificacións e infraestruturas deficitarias.

O turismo e a intensa afluencia de visitantes, que exercen unha forte presión sobre os areais e os espazos de influencia litoral, poñendo en risco a integridade do ecosistema.

Os usos turísticos e os relacionados coa praia e o baño teñen, en parte, unha forte compoñente estacional, e, polo tanto, os problemas que xeran se concentran fundamentalmente na época estival.



*Vista desde o núcleo na que se aprecia o impacto do espazo ocupado polo campamento*

Outro dos aspectos que xenera máis impacto é a presenza do vehículo motorizado, nos intres de maior afluencia, durante o verán, chegan a estacionarse ata 1000 coches no ámbito, tal e como se recolle no apartado de mobilidade do presente PEPOID.

Nos meses do verán, os vehículos invaden os rúes próximos á praia, xerando un dano ao medio ambiente natural e molestias aos residentes dos núcleos. A tal efecto o PEPOID contempla delimitar áreas de aparcadoiro en zonas de menor impacto.



*Imaxe estival da Praia de San Pedro. Fonte: POL*

As praias, como lugar de baño e esparcemento acadan niveis de saturación na súa capacidade de acollida durante os meses de verán. Simultaneamente á sobrecarga de persoas e, se cabe, cun efecto máis grave, está a invasión de vehículos nos espazos litorais, os cales perturban o equilibrio destes espazos, destrúen o solo e crean un efecto negativo na paisaxe. Esta situación estase dando cada tempada por mor da ausencia de alternativa de



aparcadoiro nas zonas de praia.

Os accesos peatonais ás praias, son moi deficientes, e incómodos para as persoas maiores ou con algún tipo de diminución na súa mobilidade ou para os servizos de emerxencias. Estes últimos instalan as súas casetas fora dos areais sin consideración algunha pola contorna.



*Imaxe do acceso á praia de San Pedro*

Os espazos de campamento de carácter cuasi permanente situados no borde do cantil xeneran un forte impacto visual tanto desde a costa como desde o interior.



*Imaxe do campamento da praia de San Pedro no mes de Decembro*


A presenza humana e os automóviles facilitan a expansión de determinadas especies

vexetais invasoras xa que as sementes son transportadas polas rodas dos vehículos e as solas dos calzados.

A urbanización situada na ladeira ao leste da praia de San Pedro ten unha exposición visual excesiva desde a costa e os accesos á mesma praia.

**2.7 FRAXILIDADE**

Realizouse un estudo de fragilidade superpoñendo as compoñentes da paisaxe e os valores e condicionantes descritos nos apartados anteriores de xeito que se obteñen as zonas máis sensibles do ámbito para poder adoptar as medidas axeitadas para dita zona. A área costeira da contorna da punta do Castelo, e o punto de confluencia da franxa costeira e o corredor do rego de San Pedro constitúen as áreas máis fráxiles da contorna e sobre s que se deberán tomar medidas para protexer estas paisaxes.



**3. XUSTIFICACIÓN DE MEDIDAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA**

Neste apartado xustificanse as medidas incorporadas no PEPOID para acadar a mellora da paisaxe do ámbito e a integración paisaxística e a eliminación dos posibles impactos detectados, incorporando ademais os Obxectivos de Calidade Paisaxística (Art. 34 Regulamento da Lei de Paisaxe de Galicia D96/20209, e a xustificación das Directrices da



Paisaxe de Galicia (D. 238/2020), así como as determinacións establecidas para as unidades de paisaxe correspondentes a este ámbito.

Fundamentalmente as unidades afectadas son Unidades de paisaxe litorais e os Obxectivos de Calidade Paisaxística que recollen as directrices son os que se expoñen a continuación:

- 13\_3\_1. Un bordo litoral ben conservado, no cal se protexan os valores naturais e ecolóxicos (tanto bióticos como abióticos) e se respecten os procesos naturais dos sistemas areosos, dunares e cantís (incluíndo os seus hábitats anexos). Un litoral en que se compatibilice a conservación destes valores naturais e doutros valores estéticos e patrimoniais coa funcionalidade habitacional, produtiva e de desfrute deste ámbito, atendendo a principios de sustentabilidade e na procura de paisaxes resilientes que manteñan as súas características.
- 13\_3\_2. Un bordo litoral con calidade ambiental e paisaxística mediante actuacións de conservación do medio natural, conxuntamente coa ordenación das edificacións de xeito que se preserven da ocupación as áreas precisas e nas de ocupación necesaria se favoreza a compactidade e a integración da contorna natural.
- 13\_3\_3. Unhas vistas das paisaxes mariñas e das rías que conserven as características e os valores paisaxísticos naturais, panorámicos, estéticos e de uso propios destas.

Relativamente ao espazo construído dos asentamentos plantéxanse os Obxectivos de Calidade Paisaxística definidos neste eido para o Golfo Ártabro:

- 11B\_1/3. Un espazo rururbano cun crecemento planificado, que busque compactidade e defina a funcionalidade dos espazos, xerando unha paisaxe de núcleos ordenados. Uns núcleos rurais que conserven as súas características tradicionais e estean integrados na paisaxe.
- 11B\_3\_2\_a. Uns asentamentos rurais que conserven as súas características tradicionais de xeito que se manteña o carácter propio do núcleo preexistente e a vinculación á súa contorna. As edificacións tradicionais estarán conservadas e valorizadas, cos seus materiais preservados, así como cos seus volumes e formas propios

Compre incorporar ademais os Obxectivos que plantexan as Directrices da Paisaxe de Galicia para os espazos fluviais, toda vez que o Pol delimita neste ámbito un corredor ecolóxico. As directrices determinan para este tipo de espazos fluviais os seguintes obxectivos:

- 1A\_3\_1. Unhas láminas de auga en canóns cos seus bosques de ribeira e as súas contornas ben conservadas e postas en valor como corredores naturais que manteñen a conectividade ecolóxica, paisaxística e territorial entre os diferentes ámbitos por que discorren. Uns espazos con valores ecolóxicos e estéticos protexidos e compatibles coas actividades produtivas, deportivas e de lecer mediante o establecemento de medidas que teñan en conta as condicións orográficas e edafolóxicas propias dos canóns.
- 1A\_3\_2. Uns ríos protexidos e postos en valor como espazos singulares de relevancia estética e natural mediante actuacións que atendan a criterios de sustentabilidade e respecto coa contorna.

O presente PEPOID ten como obxectivo xeral dar resposta á problemática específica do ámbito en relación aos Obxectivos de Calidade Ambiental e Paisaxística do medio natural





costeiro, á falla de espazo público, á problemática dos accesos e aparcamento das praias de San Pedro e Cirro e á problemática do entramado dos asentamentos, freando os procesos de ocupación sistemática, racionalizando os usos do solo, realizando operacións de mellora ambiental e paisaxística do espazo público e liberando e mellorando a fachada marítima.

Para acadar este obxectivo o PEPOID, tal e como describe na súa memoria, considera todos os criterios e condicionantes previstos pola lexislación e os instrumentos de ordenación do territorio, e pretende:

- Restaurar e protexer as praias de San Pedro e Cirro e o bordo costeiro de cantís.
- Ordenar o ámbito previsto polo PXOM do sistema xeral de espazo libre, SXEL-08-02 (Pb), en consonancia con outras actuacións dotacionais previstas polo PEPOID, entre elas, a previsión de aparcadoiros públicos para usuarios das praias.
- Acadar unha proposta adecuada que minimize os efectos negativos do asentamento que o Plan de Ordenación do Litoral tipifica como "novas agrupacións" de vivendas, mediante as determinacións previstas no citado Plan para as áreas de recualificación identificadas nas unidades de paisaxe 03-02-122 (Praia de San Pedro) e 03-02-123 (Praia de Cirro).
- Abordar a ordenación pormenorizada das áreas de núcleo rural común e histórico incluídas no ámbito.

### **3.1 MEDIDAS PARA A PROTECCIÓN DOS ÁMBITOS OU ELEMENTOS DE ESPECIAL VALOR OU SIGNIFICACIÓN PAISAXÍSTICA**

#### 1- PROTECCIÓN DO BORDE LITORAL:

O plan propón a protección daqueles espazos de elevado valor natural e ambiental, en concreto, as xeofomas rochosas dos cantís, e os sistemas das praias de Cirro e San Pedro, coas súas intermareais, xunto coas formacións vexetais costeiras asociadas, có obxectivo de preservar a paisaxe litoral como un valor natural e cultural reivindicando esta fronte litoral como un elemento propio, un trazo distintivo, e un recurso e un indicador da calidade de vida para a poboación de Sada e a súa contorna.

**M1.1-** (OCP 13\_3\_1, OCP 13\_3\_2) O presente PEPOID propón a liberación do espazo costeiro mediante o traslado dos usos terciarios actuais (campamentos) a unha zona mais afastada de este espazo sensible, e a eliminación do inmoble dedicado a restaurante, xerando un gran espazo verde costeiro que abrangue toda a franxa litoral e que pasará a formar parte dos espazos libres e zonas verdes municipais.

**M1.2-** (OCP 13\_3\_2) A nova zona verde litoral contará cun tratamento naturalizado, acorde ao carácter costeiro da paisaxe a recuperar. Compre por tanto a restauración dos hábitats costeiros para unha axeitada conservación ambiental.

**M1.3-** (OCP 13\_3\_1, OCP 13\_3\_3) Esta nova zona verde continúa integra o espazo patrimonial da Punta do Castelo, a súa ordenación e accesos deberán ser acordes á contorna, evitando elementos e pavimentos de carácter urbano.



**M1.4-** (OCP 13\_3\_3) Con estas actuacións garántese a integridade do borde costeiro como espazo público de valor e gozo social. A continuidade deste espazo verde costeiro cara o leste permitirá a incorporación de vexetación arborea en altura que sirva para mitigar a forte presenza visual da urbanización en ladeira situada no límite leste do ámbito de PEPOID.

**M1.5-** No ámbito do dominio público marítimo terrestre as reforestacións levaranse a cabo con especies autóctonas, tal e como se establece no Real decreto 876/2014, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral de costas

**M1.6\_** (OCP 13\_3\_1) Calquera intervención que se poida desenvolver nas praias realizarase con pleno respecto polos valores naturais e paisaxísticos dos sistemas praia-duna conforme a normativa aplicable. Para tal efecto, as instalacións ou construcións serán as mínimas e imprescindibles, e implantaranse de xeito que se minimize a alteración do medio natural e a visibilidade dos elementos artificiais (como antenas, publicidade, casetas ou análogos). No deseño das instalacións procurarase o mellor equilibrio posible entre a funcionalidade, as necesidades de mantemento e a integración dos materiais coa contorna

## 2- CORREDOR ECOLÓXICO DO REGO DE SAN PEDRO

**M2.1\_** (OCP 1A\_3\_1, 1A\_3\_2) O espazo verde previsto no presente PEPOID exténdese cara ao sur para conectar co espazo do Rego de San Pedro, iniciando o corredor ecolóxico e garantindo a integridade e funcionalidade dos sistemas naturais do territorio, aspecto fundamental para restablecer a súa conectividade ecolóxica.

**M2.2\_** (OCP 1A\_3\_1, 1A\_3\_2) Actualmente esta área ten un grado de degradación ambiental e paisaxística elevado, estase a utilizar como aparcadoiro con usos de infra-merendeiro particular no que os usuarios deixan os seus enseres e lixos diversos por alí esparcidos durante todo o ano. Coa incorporación deste espazo á zona verde costeira deberá restaurarse este ámbito para garantir a súa funcionalidade ambiental e ecolóxica.

**M2.3\_** A regulación de usos nesta área atenderá ao establecido polo artigo 57 da Normativa do POL.

**M2.4\_** (LA.01) Conservaranse as paisaxes dos cursos fluviais polo seu valor ecolóxico e paisaxístico. Calquera plan, proxecto ou actuación considerará os cursos fluviais e a súa área de influencia como espazos de valor paisaxístico, polo seu valor ecolóxico e o seu interese paisaxístico transversal.

**M2.5\_** (LA.03) Incentivarase a protección e recuperación da vexetación propia dos espazos fluviais. O respecto aos corredores de ribeira incluírá a conservación da estrutura vertical e horizontal da vexetación natural de ribeira

**M2.6\_** (LA.08) Asegurarase a recuperación de zonas húmidas e contornos fluviais degradados, para o cal se adoptarán as seguintes medidas:

. Garantirase a recuperación ambiental e paisaxística dos cursos fluviais. A recuperación do espazo fluvial e da chaira de inundación son medidas clave para permitir a recuperación dos




sistemas fluviais.

. Restauraranse e naturalizaranse os tramos degradados dos regatos e pequenos cursos fluviais na contorna dos núcleos urbanos e das zonas periurbanas e industriais

### 3- TRASLADO DOS ESPAZOS DE CAMPAMENTO

**M3.1-** (OCP 13\_3\_2 )O PEPOID propón que os espazos de campamento, que se encontran actualmente instalados no borde litoral, ocupando ámbitos de dominio publico, sexán trasladados a unha zona posterior, en dous puntos da ladeira con vistas sobre a ría. Unha ubicación mais axeitada que permite unha boa relación cós núcleos de poboación e próximos ás praias que son a súa razón de ser.

**M3.2-** (OCP 11B\_1/3) Os epazos de Campamento deberán asentarse en bancais, forma tradicional de construción do territorio da comarca paisaxística do golfo ártabro, incorporando arborado que garanta a súa integración no ámbito.



*Plano de usos. PEPOID Veigue*

### 4- ESPAZOS DE APARCADOIRO

**M4.1-** (OCP 11B\_1/3) Delimítanse catro areas de aparcadoiro próximas ao espazo litoral pero retiradas cara ao sur, vinculadas ao viario e aos diferentes núcleos:



Etiqueta	Superficie
SX-IC-AP-1-Ob	2.753,43
SX-IC-AP-2-Ob	5.492,34
SX-IC-AP-3-Ob	3.325,81
SL-IC-AP-1-Ob	537,71
	<b>12.109,29</b>

Afastando da liña costeira os lugares de estacionamento de vehículos conséguese acadar un espazo maior e cualificado que permita mellorar a accesibilidade ás praias.

### **3.2 CONGRUENCIA DA ORDENACIÓN CO TIPO DE PAISAXE AFECTADO**

O Plan Especial propón a liberación do espazo litoral para a protección dos ecosistemas, a preservación da paisaxe, e para o disfrute da poboación.

As medidas M1.1 a M1.6 expostas con anterioridade teñen como fin a protección e preservación desta franxa litoral.

Os Obxectivos de Calidade Paisaxística para o espazo construído plantexan a busca dun espazo rururbano cun crecemento planificado, que busque a compacidade e defina a funcionalidade dos seus espazos, xerando unha paisaxe de núcleos ordenados, e ns núcleos rurais que conserven as súas características tradicionais e estén integrados na paisaxe. (OCP 11B\_1/3.)

**M.5.1.-** Ordenar o espazo edificable, e as súas edificacións, buscando a regularización e compacidade dos núcleos, respetando os espazo de parcelas agrícolas existentes entre núcleos.

**M.5.2.-** Adoptar criterios estéticos de calidad respecto a volumetrías e acabados de fachadas, cubertas e peches, que se recollen na normativa.

**M.5.3.-** Estudar os sistemas de iluminación exterior e faceros eficientes no sentido do aforro enerxético e a redución da contaminación lumínica.

### **3.3 MITIGACIÓN E CORRECCIÓN DE IMPACTOS**

**M6.1** \_ O presente PEPOID propón a liberación do espazo costeiro mediante o traslado dos usos terciarios actuais (campamentos) a unha zona mais afastada de este espazo sensible, e a eliminación do inmovible dedicado a restaurante, xerando un gran espazo verde costeiro que abrangue toda a franxa litoral e que pasará a formar parte dos espazos libres e zonas verdes municipais.

**M.6.2**\_ Fomenta-la racionalización e integración paisaxística das áreas de aparcamento, reducindo as superficies pavimentadas, introducindo solos filtrantes, prados naturalizados e deseñar a drenaxe de pluviais para procurar a infiltración natural da auga nas zonas vexetadas.

- **M6.3**\_ Co fin de acadar unha proposta adecuada que minimize os efectos negativos do



asentamento que o Plan de Ordenación do Litoral tipifica como "novas agrupacións" de vivendas, establecerase unha zona verde dotada de arboredo que mitigará a exposición visual da ladeira desde o espazo da praia e da zona liberada do litoral.

### 3.4 XUSTIFICACIÓN DAS DIRECTRICES DA PAISAXE DE GALICIA

En cumprimento do ANEXO IV-Normas e recomendacións das Directrices da Paisaxe, xustificase a continuación o cumprimento das mesmas.

As normas sinaladas cun N terán carácter obrigatoria e as sinaladas cun R formúlanse como orientativas.

XUSTIFICACIÓN DIRECTRICES DE PAISAXE		
N	DX01	<p><i>En virtude do mandato que expresa o artigo 5.2 da Lei 7/2008, o planeamento urbanístico debe tomar en consideración a paisaxe para establecer as súas determinacións. Para tal efecto, tendo presentes os fundamentos da Lei 7/2008 e do Convenio Europeo da Paisaxe, segundo os cales a paisaxe fai referencia á percepción de calquera parte do territorio por parte da poboación, aquela debe entenderse, ademais de como valor ambiental e cultural, como factor da calidade de vida das persoas, e poden sinalarse tres liñas básicas de atención:</i></p> <p><i>a) A consideración na ordenación das paisaxes cotiás, é dicir, a paisaxe deberá ser tida en conta na ordenación de todas as clases de solo e zonas do territorio. Esta cuestión garda unha relación directa coa identificación dos elementos que compoñen as paisaxes e o estudo dos tipos de paisaxe presentes no territorio municipal.</i></p> <p><i>b) A identificación e protección dos lugares ou elementos de especial valor ou significación paisaxística. Pode tratarse de elementos puntuais (fitos, miradoiros), lineais (carreiros, camiños) ou superficiais (áreas, recintos), así como combinacións de varios deles.</i></p> <p><i>c) A identificación de ámbitos que presenten un especial estado de deterioración ou degradación paisaxística, así como de elementos que producen impactos paisaxísticos especialmente salientables, co obxecto de prever accións encamiñadas a mellorar as zonas degradadas ou corrixir os impactos.</i></p> <p><i>O presente Estudo da Paisaxe forma parte do PEPOID, considera as paisaxes coriás, identifica os elementos de especial valor e a súa protección, así como os ámbitos degradados e os impactos de cara a corrixilos ou mitígalos.</i></p>
N	DX.02	<p><i>Os plans xerais de ordenación municipal (en diante PXOM) estudarán a paisaxe do municipio.</i></p> <p>NON APLICA.</p>
N	DX.03	<p><i>Os restantes instrumentos de planeamento urbanístico estudarán a paisaxe seguindo o criterio de proporcionalidade, é dicir, axustarán o seu nivel de alcance á súa natureza e ao potencial impacto paisaxístico que poidan xerar.</i></p> <p>O PEPOID incorpora un estudo de paisaxe no que se analiza a paisaxe do ámbito, para despois determinar as medidas que permitan acadar os Obxectivos de Calidade Paisaxística.</p>
N	DX.04	<p><i>En relación co disposto nos epígrafes 6 e 7 do anexo IV da Lei 21/2013, o estudo ambiental estratéxico deberá identificar os efectos que o planeamento pode ter sobre a paisaxe e describir as medidas adoptadas para evitar, reducir ou compensar tales efectos.</i></p> <p>NON APLICA.</p>
N	DX.05	<p><i>A ordenación urbanística guíarase polas normas e recomendacións establecidas nos restantes puntos destas directrices, así como polos seguintes criterios xerais:</i></p> <p><i>a) A ordenación debe ser congruente coas características diferenciais de cada tipo de paisaxe.</i></p>



b) Establecerase o réxime de protección que requiran os lugares ou elementos de especial valor paisaxístico mediante a delimitación de solo rústico de protección paisaxística, a identificación de áreas urbanas ou núcleos rurais de especial interese paisaxístico, o establecemento de normas específicas, ou mesmo a previsión de plans especiais de protección.

c) Estableceranse as medidas necesarias para asegurar a protección da contorna dos fitos paisaxísticos e das vistas panorámicas, de conformidade co disposto no artigo 91 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. Para tal fin, identificaranse os fitos, as sendas de interese panorámico e os miradoiros, incluíndo todos aqueles recollidos no Catálogo das paisaxes de Galicia. A protección das vistas dos miradoiros en solo rústico pode articularse mediante a delimitación do correspondente solo rústico de especial protección paisaxística ou da previsión dos oportunos plans especiais de protección.

d) Minimizaranse os futuros impactos perceptivos (principalmente visuais e sonoros) mediante as oportunas cautelas nas ordenanzas ou normas reguladoras.

e) Analizaranse os ámbitos degradados e os efectos ou impactos paisaxísticos diagnosticados e, sempre que sexa técnica e economicamente viable, preveranse as medidas necesarias para mellorar as áreas de paisaxe degradada e eliminar ou mitigar os impactos paisaxísticos. Esas medidas poderán consistir tanto no deseño de solucións concretas de ordenación como na previsión de accións específicas de intervención.

f) As condicións relativas á posición, forma ou deseño de calquera tipo de edificacións ou construcións establecidas nas diferentes normas ou ordenanzas reguladoras serán congruentes coas características dos elementos compositivos de cada tipo de paisaxe.

a) A ordenación é congruente coas características de cada tipo de paisaxe, tal e como se xustifica no Estudo da Paisaxe.

b) Os lugares de especial valor paisaxístico delimitáanse como solo rústico de protección paisaxística.

c) Identifícanse os fitos paisaxísticos e os itinerarios de interese, articulando as medidas para preservar os campos visuais.

d) Establécense coa ordenación as medidas necesarias para eliminar os impactos observados.

e) No apartado 2.6 analízanse os ámbitos degradados e os efectos ou impactos paisaxísticos.

f) Respéctanse as características dos Núcleos rurais tradicionais existentes integrándoos na paisaxe da contorna, limitando o seu crecemento e tipoloxía. Establécense na Normativa as condicións e limitacións relativas ás tipoloxías das construcións.

O planeamento urbanístico terá en conta os seguintes criterios no solo urbano.

N

DX.06

NON APLICA

O planeamento urbanístico terá en conta os seguintes criterios no solo rústico de especial protección paisaxística:

a) Conforme o disposto no artigo 34.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o planeamento urbanístico deberá clasificar como solo rústico de especial protección paisaxística as áreas de especial interese paisaxístico recoñecidas no Catálogo das paisaxes de Galicia, así como os espazos de interese paisaxístico delimitados polo Plan de ordenación do litoral. De acordo co artigo 3.2 do Decreto 119/2016, do 28 de xullo, polo que se aproba o Catálogo das paisaxes de Galicia, teñen a consideración de áreas de especial interese paisaxístico as paisaxes protexidas declaradas de conformidade co establecido na Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, e o artigo 35 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, así como os ámbitos que delimiten os instrumentos de ordenación do territorio, de conformidade co previsto na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

b) De acordo co artigo 3.3 do Decreto 119/2016, e co artigo 15 do Plan de ordenación do litoral, o PXOM revisará a delimitación dos ámbitos citados, coa maior concreción e detalle propios dun plan a escala municipal.



c) Ademais dos indicados, o PXOM poderá propoñer outros ámbitos de solo rústico de especial protección paisaxística en que concorran valores que o xustifiquen. Neste caso, os ámbitos delimitados terán a consideración de área de especial interese paisaxístico, logo de informe favorable do organismo competente en materia de paisaxe, de conformidade co establecido no artigo 3.2.b) do Decreto 119/2016.

d) Para a delimitación do solo rústico de protección paisaxística, o planeamento urbanístico aplicará unha metodoloxía similar á empregada no Catálogo das paisaxes de Galicia, baseada, no caso de existiren, nos resultados da participación pública, así como na identificación dos diferentes tipos de valores paisaxísticos existentes (naturais ou ecolóxicos, culturais ou patrimoniais e estéticos ou panorámicos), buscando aquelas localizacións en que se dea a concorrencia de diferentes tipos de valores paisaxísticos relevantes. Unha vez identificadas estas localizacións, deberán delimitarse segundo criterios explicados en detalle e xustificados en función dos tipos de valores paisaxísticos existentes. A análise deberá ter en conta os lugares de especial interese paisaxístico incluídos no Catálogo das paisaxes de Galicia.

e) No solo rústico de especial protección paisaxística o plan deberá prestar unha especial atención á harmonización das novas edificacións coa contorna e incluírá as determinacións necesarias para preservar e favorecer as características singulares e os valores que motivaron esta clasificación.

a) b) non existen no ámbito do PEPOID espazos de Especial interese paisaxístico delimitados polos catálogos nin o POL.

c) Proponse a delimitación de solo rústico de protección da paisaxe no espazo do fronte litoral.

d) para a delimitación dos solos rústicos de protección da paisaxe analizáronse no estudo de paisaxe os diferentes valores ecolóxicos, culturais, e estéticos ou panorámicos.

e) A Normativa recolle a descrición dos usos admitidos e as características materiais dos mesmos.

O planeamento urbanístico terá en conta os seguintes criterios en solo rústico:

a) Conforme a lexislación urbanística, os PXOM deben establecer as normas e medidas de protección específicas para asegurar a conservación, protección e recuperación dos valores e potencialidades propias do medio rural, entre as cales se inclúen as paisaxísticas. Para tal fin, o PXOM, ou o plan especial se for o caso, con fundamento no estudo da paisaxe, deberá concretar na súa normativa as condicións de integración paisaxística dos usos e construcións que se poden implantar en calquera zona de solo rústico, que poden ser comúns a todo o municipio ou ser diferenciadas en función dos tipos de paisaxe identificados, entre elas:

1. Solucións construtivas e materiais e cores obrigatorios ou máis recomendables segundo a tipoloxía da construción ou edificación, e congruentes coas características da arquitectura tradicional de cada zona. Poderá empregarse como referencia a Guía de cor e materiais da grande área paisaxística correspondente como base para estas determinacións.

2. Condicións específicas para os peches de parcelas (materiais, alturas, criterios de deseño, etc.). Recoméndase limitar, na maior medida posible, a posibilidade de executar peches macizos, os cales poden constituír fragmentacións paisaxísticas innecesarias, sobre todo nas abas que ofrecen interesantes vistas panorámicas e nas chairas agrícolas de campos abertos. A este respecto cabe establecer un tratamento diferenciado para os peches que separan as parcelas dos camiños ou estradas de acceso, que pode ser menos restritivo, e para os que separan parcelas entre si, que debería ser máis restritivo. Resulta positivo que, dentro dunha mesma unidade de paisaxe, os peches teñan características e alturas similares, de modo que o seu deseño sexa congruente. Para isto o plan xeral deberá establecer normas concretas sobre os peches en cada zona. Poderá empregarse como referencia a Guía de caracterización e integración paisaxística de valados como base para estas normas.

3. Condicións específicas de protección relativas aos elementos ou valores paisaxísticos peculiares identificados no estudo da paisaxe:

b) Na medida do posible evítase a apertura de novos camiños, aproveitando pistas forestais e a rede de camiños e corredoiras existente, sen prexuízo das operacións que exixen as reestruturacións parcelarias ou outras previstas nos proxectos aprobados pola Administración competente en materia de agricultura, minas, montes ou ambiente. De ser necesaria a apertura de novas vías de xeito temporal para calquera actuación, unha vez

N DX.08



---

*finalizadas as obras devolveranse os terreos ao seu estado orixinal. Deberá optarse por materiais de baixo impacto que eviten a selaxe masiva e a impermeabilización dos solos, agás que por razóns de seguridade ou para evitar filtracións contaminantes resulte preciso adoptar outra solución técnica.*

*c) Nas zonas agrícolas primarase a conservación dos elementos fundamentais que caracterizan a paisaxe rural, entre os cales destacan os bosquetes autóctonos, sebes e chousumes, as infraestruturas de rega tradicionais ou a paisaxe de viñas, evitando actuacións ou normas que repercutan negativamente na configuración destas escenas.*

a) Fomentase a conservación, protección e recuperación dos valores e potencialidades propias do medio rural, establecendo as condicións de integración paisaxística dos usos e construcións que se implanten en solo rústico. Estas condicións atenden as solucións construtivas, materiais e cores segundo a tipoloxía da construción e congruentes coa arquitectura tradicional da zona descrita, aos peches de parcelas e aos elementos ou valores paisaxísticos identificados no estudo da paisaxe, descritos no presente estudo da paisaxe. Inclúense estas condicións na Normativa do PEPOID)

b) Reorganízase o tráfico apoiándose no viario existente, salvo conexións puntuais necesarias para aliviar o exceso de vehículos no interior dos núcleos rurais..

c) No escaso solo agrícola existente, fundamentalmente na contorna fluvial primase a conservación do elementos caracterizadores da paisaxe rural como son os bosquetes e sebes.

Propónse a realización de cercados con sebes arbustivas autóctonas.

---

*O planeamento urbanístico terá en conta os seguintes criterios no solo de núcleo rural:*

*a) Ten unha especial importancia a delimitación do solo de núcleo rural, pois é a garantía do respecto pola morfoloxía dos asentamentos e a súa peculiar relación coa contorna. A planificación deste solo garantirá a conservación da morfoloxía dos núcleos rurais tradicionais.*

*b) As delimitacións dos núcleos evitarán as formas forzadas que se derivan da inclusión de edificacións que non gardan unha relación funcional co núcleo.*

*c) Na delimitación dos núcleos recoñecerase o ámbito propio de cada asentamento, preservando da edificación ou desenvolvemento urbanístico as bolsas de solo agrario que conforman áreas intersticiais entre núcleos e que contribúen positivamente á estrutura paisaxística do territorio, posto que un dos trazos que caracteriza a paisaxe rural é, precisamente, a existencia dun sistema verde continuo (destinado a usos agrarios ou con presenza de arboreda), dentro do cal a excepción a constitúen os asentamentos. En caso de que resulte necesaria a urbanización dalgunha das anteditas áreas, os novos desenvolvementos serán congruentes coa morfoloxía tradicional do núcleo, incluíndo o patrón espacial das parcelas e o sistema viario, respectando os elementos construídos tradicionais e a arboreda autóctona e minimizando a ocupación do solo de alto valor ambiental e de alta capacidade produtiva agraria.*

**N** DX.09

*d) Os plans especiais en solo de núcleo rural deberán realizar un estudo da morfoloxía e as características básicas do núcleo (tales como inserción topográfica, trazado das vías, tipoloxías construtivas, materiais específicos, tamaño e morfoloxía das parcelas ou arboreda), co fin de que a ordenación que establezan sexa respectuosa coa paisaxe (especialmente cando se prevegan actuacións urbanísticas integrais), e mesmo mellore as condicións preexistentes.*

*e) As condicións de edificación, en canto á posición, inserción topográfica, tipoloxía, tamaño e proporcións das edificacións, asegurarán a mellor integración posible coa contorna. As novas edificacións evitarán modificar o perfil tradicional do núcleo, buscando unha implantación no terreo semellante á das edificacións tradicionais.*

*f) Outras características, como a xeometría, materiais e acabamentos das cubertas, ocos e carpintaría ou formalización dos paramentos exteriores manterán a referencia ás solucións tradicionais e ás edificacións existentes. Poderá empregarse a Guía de cor e materiais como referencia para estas determinacións.*

*g) Poderán empregarse como referencia os criterios establecidos na Guía de boas prácticas para a intervención nos núcleos rurais, elaborada pola Xunta de Galicia*

a) Respectase a morfoloxía dos asentamentos orixinais.





		<p>b) Delimitáanse os núcleos recollendo as edificacións existentes e favorecendo a súa compactación.</p> <p>c) Preservaranse da edificación as bolsas de solo agrario que conforman as áreas intersticiais entre núcleos. Os novos crecementos a través de planes especiais serán respectuosos coa paisaxe.</p> <p>d) O estudo da paisaxe inclúe un apartado no que se estudan as características básicas dos núcleos (inserción topográfica, trazado de vías, tipoloxías construtivas, materiais, tamaños e morfoloxía das parcelas, etc.) (ver apartado 2.2.3 Relacións. Asentamentos)</p> <p>e) As edificacións integranse na realidade existente, en canto a posición, tipoloxía e tamaño das edificacións implantándose no terreo de maneira similar ás edificacións tradicionais.</p> <p>f) teranse en conta os materiais, acabados cubertas ocos carpintaría das edificacións existentes, tomando como referencia a Guía de cor e materiais de Galicia.</p> <p>g) Empregaranse como referencia os criterios establecidos na Guía de boas practicas para a intervención nos núcleos rurais.</p>
N	DX.10	<p>O planeamento urbanístico terá en conta os seguintes criterios para os novos desenvolvementos urbanísticos: ...</p> <p>Non aplica</p>
	<b>4.2.3</b>	<b>Directrices para construcións en solo rústico</b>
		<p><i>Calquera construción ou instalación en solo rústico deberá suxeitarse aos seguintes criterios de integración paisaxística, que teñen o carácter de condicións adicionais ás que establecen a lexislación urbanística, os instrumentos de ordenación do territorio, o planeamento urbanístico ou outros instrumentos normativos.</i></p> <p>a) <i>Condicións para a localización e a implantación sobre o territorio:</i></p> <ol style="list-style-type: none"><li>1. (R) Evitaranse lugares situados en cotas altas respecto ao territorio da contorna, xa que presentan unha maior exposición visual.</li><li>2. (R) Sempre que sexa posible, as edificacións non se localizarán nas liñas de cornixa ou nos cumios, evitando que a proxección da edificación na liña do horizonte modifique o perfil natural do terreo.</li><li>3. (N) As construcións disporanse de tal modo que se minimicen os movementos de terras, evitando localizacións en parcelas cunha pendente elevada. En caso de ser necesario acondicionar o terreo, os noiros ou desmontes resultantes non superarán 3,00 metros de altura, agás no caso de actuacións en terreos de características especiais vinculados á actividade que se desenvolva neles, como son os socalcos de viña en zonas de pendente moi elevada. Compensarase a escavación co recheo, de tal modo que o socalco difira o menos posible da sección natural dos terreos.</li><li>4. (N) As construcións disporanse de tal modo que se minimize a eliminación de elementos naturais ou construídos de interese paisaxístico, tales como afloramentos rochosos, pés ou masas de arboreda autóctona, valos ou outras construcións tradicionais, e escollerase a localización que ofrezca unha mellor integración volumétrica e escénica cos ditos elementos.</li></ol> <p>b) <i>Condicións para o tratamento e cerramento das parcelas:</i></p> <ol style="list-style-type: none"><li>1. (N) Cando unha construción se sitúe nas proximidades de núcleos de poboación, estradas, Camiños de Santiago, rutas de sendeirismo, bens do patrimonio cultural, ou calquera outro elemento ou punto de interese paisaxístico ou de singular concentración de potenciais observadores, de forma que poida provocar un impacto negativo importante pola súa visibilidade, asegurase a súa axeitada integración paisaxística mediante algunha das técnicas descritas na Guía de estudos de impacto e integración paisaxística. En ausencia doutra medida de integración paisaxística máis axeitada, disporanse dentro da parcela sebes ou masas vexetais irregulares, deseñadas para integrar os volumes construídos e matizar a súa visibilidade, de tal modo que adquiran un aspecto semellante ás formacións vexetais naturais existentes na contorna.</li><li>2. (N) Na parte non edificada da parcela evitase o amoreamento desordenado de materiais, maquinaria, recipientes, refugallos ou equivalentes. Para tal fin deben preverse ou ben lugares específicos de almacenamento en zonas de escasa visibilidade, ou ben as oportunas medidas de ocultación, de xeito que se evite un impacto visual negativo sobre a contorna.</li></ol>



3. (N) Nas sebes vexetais para o cerramento de parcelas empregaranse, sempre que sexa posible, especies autóctonas. En calquera caso evitarase as especies invasoras, así como especies de tipo ornamental propias das zonas urbanizadas.

4. (R) De ser necesario, o valado da finca na que se asenta a construción axustarase aos criterios sobre valados e terase en conta a Guía de caracterización e integración paisaxística de valados.

c) Condicións sobre as características das construcións:

1. (N) Calquera construción ou edificación debe responder, en canto ás súas características esenciais, aos usos ou actividades que xustifican a súa implantación en solo rústico, e debe deseñarse de tal xeito que se integre o máis respectuosamente posible na paisaxe da contorna.

2. (N) A composición volumétrica das edificacións e construcións favorecerán a súa integración na paisaxe e a adaptación do conxunto ás características da topografía e da paisaxe do lugar.

3. (N) Para o acabado das construcións empregaranse materiais e técnicas construtivas que ofrezan un resultado acorde coas formas e as cores propias do lugar e da arquitectura tradicional. Poderá empregarse como referencia a Guía de cor e materiais desenvolvida para cada grande área paisaxística.

4. (R) Para construcións de características substancialmente diferentes das da arquitectura tradicional, tales como naves de medio ou gran tamaño, equipamentos, instalacións de servizo, infraestruturas da rede de defensa contra os incendios forestais ou outras equivalentes, nas que non resulte congruente empregar os materiais e técnicas construtivas tradicionais, deben seleccionarse os materiais e as cores en atención ás características da paisaxe de acollida, de tal xeito que se procure a mellor integración cromática e textural posible. Son preferibles solucións que impliquen un mantemento baixo, co fin de asegurar unha boa imaxe durante o maior tempo posible, tales como as pezas prefabricadas de formigón ou outros materiais, susceptibles de facilitar a montaxe e de recibir tratamentos texturais e cromáticos personalizados diferentes da pintura (máis estables e duradeiros).

No caso de utilizarse estes materiais prefabricados, convén coidar os acabamentos para transmitir unha imaxe de calidade. En calquera caso evitarase o emprego de materiais que degraden visualmente a paisaxe pola súa cor, brillo ou similares, así como as fábricas de ladrillo ou bloque de formigón sen revestir.

5. (N) As cubertas realizaranse nunha gama de cor congruente coas cubertas da arquitectura tradicional (lousa ou tella cerámica, segundo a comarca e o lugar).

6. (R) Para a carpintaría exterior (portas, ventás e ocos de ventilación) poderá empregarse como referencia a Guía de cor e materiais para esa grande área paisaxística.

7. (N) As construcións ou instalacións auxiliares ou complementarias (tales como silos, depósitos, casetas, etc.) remataranse na mesma cor que as construcións principais, agás que se trate de elementos prefabricados non susceptibles de tratamento cromático. Se se trata de elementos puntuais, lineais ou de moi pequena superficie, poden rematarse coa cor empregada para a carpintaría exterior das construcións.

8. (R) Respetaranse todos os exemplares de arboreda autóctona existentes que non resulten incompatibles coa construción. A vexetación poderá utilizarse para integrar os volumes construídos, non para camuflalos.

9. (R) Cando se trate de ampliacións, as novas construcións ou instalacións integraranse coas existentes co fin de acadar unha axeitada imaxe de conxunto. Se estas se atopasen nun mal estado de conservación, ou as súas características fosen discordantes cos criterios de integración paisaxística expostos nestas directrices, o proxecto de ampliación debe prever as obras de mellora ou acondicionamento precisas para conseguir unha adecuada imaxe do conxunto.

Recóllense integramente as devanditas directrices na normativa do PEPOID.

En A Coruña a 08 de Xuño de 2023



ALFONSO  
BOTANA



CONCELLO DE SADA

Mercedes Máquez Roel. Arquitecta COAG 2612, e arquitecta paisaxista